

En relación coas dúas linguas cooficiais, e segundo o acordo a nivel da CRUE en Bilbao en setembro de 2024 (naqueles territorios con máis dunha lingua cooficial será tida en conta esta realidade á hora de fixar os criterios específicos de corrección)

Lingua Galega e Literatura

Haberá de terse en conta, unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Así, descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos, gramaticais ou léxicos (tanto por emprego inadecuado de termos como por interferencias doutras linguas). Non se terá en conta o primeiro erro e, a partir deste, descontarase: 0,1 punto por cada falta leve de ortografía, erro gramatical ou léxico non repetidos; 0,2 punto por cada falta grave de ortografía, erro gramatical ou léxico non repetidos; e 0,1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Lingua Castelá e Literatura

Haberá de terse en conta, unha vez aplicados os criterios de corrección e avaliado o exame completo, a corrección formal e a destreza da alumna ou alumno no uso escrito da lingua. Así, descontarase da cualificación global obtida no exame ata un máximo de 2 puntos por erros ortográficos e por erros no uso do léxico (tanto por emprego inadecuado de termos como por interferencias doutras linguas). Descontarase 0,1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0,1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).